



Ola a todos!

Somos uns nenos comprometidos coa construción da paz na escola, no fogar, no deporte, intentando ser amables e axudar aos necesitados.

Como podemos axudar aos nosos amigos que están no medio da guerra? Pedimos aos nosos xefes de goberno ou de estado que axuden aos pobos en guerra a que fagan a paz!

Quéresnos botar unha man?

1. Fai un debuxo ou escribe un poema ou unha carta sobre a paz.
2. Escribe nel o slogan **#KidsAction4Peace** (pódelle pedir tamén a un adulto que saque unha foto e a suba ás redes sociais con este slogan).
3. Envíao entre o 25 e o 30 de xaneiro ao enderezo postal do teu xefe de goberno ou estado. Poderías incluso facer máis e envíalo a outros gobernantes. [Aquí atoparás o listado por países](#) (o 30 de xaneiro é tamén a Xornada Internacional sen violencia).
4. Pídelle polo menos a outros cinco nenos que fagan o mesmo e que pasen esta mensaxe.

Escoitamos que os días 9 e 10 de febreiro moitos destes gobernantes reuniranse en Bruxelas, polo que esperamos que as nosas cartas e debuxos lles cheguen aos seus corazóns.

Deica pronto!!

Sofia (12), Agnese (10), Matteo (10), Costanza (10), Nicola (9), Mattia (8), Teresa (8), Cristina (7), Anastasia (7) de Italia; Leonor (11), Margarida (9), Leonor (9), Joao (8), Leonor (8) de Portugal; Thiméo (12), Mathilde (11), Adéline (8), Aurélien (5) de Bélxica.

